

Conseguirá Uxío facer amigos no campamento?

A conversa telefónica

Uxío sorprendeuse ao saber que a única monitora que había para os nenos era Catuxa. Ao parecer houbera outro máis, Xan, pero segundo lles contara Catuxa, tivera un accidente na primeira quenda de rapaces e ía estar de baixa todo o verán. O concello, que era quen organizaba o campamento, non tiña cartos para contratar a outra persoa e Catuxa, para evitar que se suspendese, comprometeuse a asumir ela todo o esforzo. Malia todo, comunicáronlle aos pais, e moitos decidiron non enviar os fillos. Uxío, ao sabelo, alporizouse, pois os seus non lle comentaran nada desa chamada. Estaba claro que quixeran librarse del a calquera prezo, pensou.

Carme insistira en saber que lle pasara exactamente a Xan, pero Catuxa non lle respondeu e axiña mudou de tema dun xeito que a Uxío lle resultou sospeitoso.

—Un pouco raro todo, non? —preguntoulle a Carme.

—O que?

—Iso do monitor.

—Por que o dis?

—Non sei, parece que Catuxa agocha algo.

—**Cismas** de máis, tivo un accidente, así de sinxelo.

—Pero non cres que...

—Mira, eu voume dar un baño, vés?

—interrompeuno ela.

Uxío nin lle contestou e ficou alí con cara de poucos amigos. Ela marchou sorrindo tras os demais rapaces que xa tomaran o camiño da praia. A ela non lle amolaba o mal **xorne** de Uxío

Que relac
haber en
da lectura
campame
está o pr
As baleas
mariños
como se p



Cismar: pensar moito cousa.

Xorne: carácter.



como a algúns dos seus compañeiros. Ao contrario, gustáballe e encontraba un estraño pracer en facelo rabiar e que agarrase esas perrenchas de neno pequeno. Uxío quedou na horta na compañía de Catuxa. Non adoitaba saír moito da cidade onde vivía cos seus pais, polo que nunca vira tan de preto unha plantación tan **vizosa** coma aquela: había tomates, pementos, feixóns, cabaciñas... Regaran, sacharan as malas herbas e recolleran os tomates máis maduros para facer unha salsa coa que acompañar a pasta que ían cocer ao día seguinte.

—Parece que che gusta —comentou a monitora.

—Non creas, é a novidade —contestou el con **displidencia**.

—Anímaste a levar os tomates mentres eu remato aquí?

—Se non hai máis remedio...

Uxío colleu a bolsa e baixou ao campamento mentres a monitora quedaba alí sachando. Cando chegou, deixou os tomates ao carón dos **fornelos** e foi á súa tenda para deitarse un pouco. Preto do **remol** apagado da fogueira, chamoulle a atención un papel tirado no chan e recolleuno. Era unha desas tarxetas que había que cubrir con todos os datos dun libro para pedilo emprestado nunha biblioteca. O título do libro era *A pesca da balea nas rías galegas* e na tarxeta non poñía o nome de quen o pedira, só un número de socio. Estrañoulle moitísimo pois non tiña nin idea de que aquí se pescasen baleas. Sempre pensara que iso só se facía antigamente en mares remotos como o Pacífico ou o Índico. Ignoraba que nestas augas houbera baleas e moito menos que alguén as pescase.



A airexa tróuxolle os afastados berros dos rapaces que xogaban na area ou na auga. Entrou na tenda, meteu a tarxeta no macuto e colleu o traxe de baño. Púxoo ás carreiras e saíu a fume de carozo.

Sobre o peirao, Roi, o da caricatura, tentaba tirar á auga a Carme, que se resistía entre risos. Ao descubrilos, Uxío notou como a carraxe o invadía como unha quentura sen saber moi ben o porqué. Botou a correr e meteulle un empurrón ao rapaz, que caeu de costas á auga levando unha boa costelada.


—Pero que fas! —protestou Carme.

—Pensei que... —tentou desculparse el.

—Era un maldito xogo! Estás tolo ou que!

—berroulle ela guindándose á auga para axudar o pobre de Roi, que batucaba cos brazos de mala maneira.

Uxío sentiu as olladas de todos cravadas sobre el, deu a volta e botou a correr de regreso ao campamento. Tentara integrarse, pero estaba visto que este grupo de fatos non o aceptaba, pensaba mentres corricaba polo sendeiro.



1 Escribe a que personaxe da lectura se refire cada unha destas afirmacións.

- Tivo un accidente na primeira quenda de rapaces.
- Batucaba cos brazos de mala maneira.
- Deixou os tomates ao carón dos fornelos.
- Encontraba un estraño pracer en facer rabiarse a Uxío.

2 Contesta as seguintes preguntas.

- Por que Catuxa era a única monitora?
- Que lle resultou sospeitoso a Uxío?
- Para que necesitaban os tomates?
- Que fixo que Uxío decidise ir á praia?
- Por que Uxío empurrou a Roi?
- Por que Carme se enfadou con Uxío?

3 Ordena as seguintes oracións sobre Uxío para facer un resumo da lectura.

- Deu a volta e botou a correr de regreso ao campamento.
- Quedou na horta acompañando a Catuxa.
- Botou a correr e pegoulle un empurrón a Roi.
- Deixou os tomates ao carón dos fornelos e foi á súa tenda.
- Puxo o traxe de baño ás carreiras e saíu a fume de carozo.
- Sentiu as olladas de todos cravadas sobre el.

4 Escribe unha oración con cada unha das palabras destacadas da lectura.

5 Que atopou Uxío tirado no chan? Que información obtivo dela? Para que se emprega?

Conversamos por teléfono



1 escoita esta conversa e contesta.

- Quen participa na conversa?
- Como saúda Breixo o seu pai?
- Para que chama Breixo polo seu pai?
- Onde está o pai de Breixo?
- Como teñen que ser as cartolinas?
- Para que materia son as cartolinas?
- Cando vai mercar o pai as cartolinas?
- Que outra cousa precisa Breixo? Por que?
- Como se despide Breixo do seu pai?
- Cando vai estar o pai na casa?



